**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 04/04/2022**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 04/04/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 29-mar-2022, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2022/0970**
Vista a proposta do Servizo de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a compra dunha CPU Barebone Asus Pb-62-B5016mh I5-11400 8Gb 256 Gb Wifi e un Sistema logitech GROUP de videconferencia para a sala de xuntas de goberno local á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. por un prezo de 1.921,98 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.64100, de conformidade coa oferta presentada.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0971**
Vista a proposta do Servizo de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro dunha mesa TALENT 300, de 120x69 cm, abatible, por un importe total de 388,77 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.215.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0998**

Dáse conta de que coa data de 10 de xaneiro de 2023 finaliza a concesión administrativa dunha parcela de dominio público portuario de Vilaxoán sobre a que se ubica o edificio para centro cultural veciñal da Parroquia de Sobránasí como as instalacións para o adestramento do remo e almacenaxe de embarcacións, realizada por Portos de Galicia.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar a Portos de Galicia a prórroga da concesión co fin de continuar co uso do edificio, instalacións deportivas e cafetería.

**PRP2022/0999**
Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Construcciones Metálicas Cuevas SL para o subministro de materiais e man de obra para fabricación e montaxe na pista de futbito do Colexio de Educación Especial de aproximadamente 30 ml. de peche, por un importe total de 3.274,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/1000**
Vista a proposta Encargado de Compras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Distribuciones y Bebidas Pousada SL para o subministro de Botellóns de auga para Órganos de Goberno e Salón de Plenos durante un ano, por un importe de 1.320,00 €/ano (20 botellas/mes) con cargo á partida 912.22699.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/1001**
Vista a proposta Encargado de Compras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Distribuciones y Bebidas Pousada SL para o subministro de Botellóns de auga para os distintos Servizos do Concello durante un ano, por un importe de 3.300,00 €/ano (50 botellas/mes) con cargo á partida 221.16201
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/1002**
Dáse conta de escrito da FEGAMP comunicando a sinatura dun novo convenio coa Xunta de Galicia para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á Avespa Asiatica (Vespa Velutina), e achegando o modelo correspondente para a adhesión ao citado convenio.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a adhesión ao convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP e a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo con suxeición plena a todas elas.

**PRP2022/1003**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Olalla Buceta López, gañadora do Concurso para a

creación dun Monolito en recoñecemento á labor das mulleres e homes da Ría de Arousa na loita contra o narcotráfico, dotado cun premio por importe de 15.000 €, solicitando un anticipo económico de 1.000 € para a compra do material necesario para a realización da obra.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o anticipo solicitado con cargo ao importe citado de 15.000 €.

**PRP2022/1007**
Dáse conta de Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 4 de marzo de 2022, ditada no recurso de apelación 7163/2021, que desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Vilagarcía de Arousa contra a sentenza de 23 de setembro de 2021 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento ordinario 21/2021 que estimaba o recurso interposto por Promociones Inmobiliarias del Pisuerga SA, contra a desestimación presunta, por silencio, da súa solicitude de resolución asociada á declaración de concurso da empresa do contrato de concesión administrativa de construcción e xestión do servizo municipal de estacionamento soterrado para vehículos na Praza Xoan XXIII, con imposición de costas ata un máximo de 1.000 €.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda interpoñer recurso de casación ante o Tribunal Supremo.

**PRP2022/0995**
Dáse conta do escrito da Comunidade de Propietarios da Avda. da Mariña nº 26, en relación ós ruídos xerados polos locais de hostalería cercanos. Así mesmo dáse conta do informe da Policía Local en relación cos ruídos xerados polos locais de hostalería e as molestias que causan ao vecindario, propoñendo que sexa unha empresa externa a que realice as medicións de ruído nos locais de hostalería.
A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a Enmacosa Consultoría Técnica SA a prestación do servizo de medicións acústicas (ruído ambiental exterior e ruído ambiental interior), por un importe total aproximado de 9.500 € (sen IVE) ( (20 medicións a razón de 475,00 € por cada unha das medicións de ruído), o que totaliza un importe de 11.495 € (IVE incluído) con cargo á partida 132.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2022/0991**
A Xunta de Goberno Local, na sesión do 29/03/2022 aprobou a Oferta Pública de Prazas do Conservatorio Profesional de Música para o curso académico 2022-2023, sendo a matrícula nas probas de acceso entre os días 25 e 28 de abril de 2022.
O Conservatorio desenvolverá unha campaña de promoción nos centros educativos de toda a cidade, logo de que a Area de Comunicación Social realizase un cartel específico e folletos, retomando deste xeito a difusión que facíamos desde anos, coa excepción dos dous últimos por mor da pandemia do COVID 19.

Este ano desexase afianzar a campaña promocional a través das RRSS de Facebook e Instagram.
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Pablo Jueguen García con NIF 35473888 para a realización de Campañas Publicitarias en Facebook e Instagram para o Conservatorio Profesional de Música, por un importe total de 393,25 € (325 € + 21 € IVA) con cargo á partida orzamentaria 3261.22602.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/1004**
Dáse conta de informe do Director da Escola de Música en relación coa realización dunha xira de concertos didácticos por parte do profesorado da Escola Municipal de Música, coa denominación "Un mundo marabilloso", nos que participará o alumnado de 1º e 2º curso de Educación Primaria, dun total de 8 centros de ensino de Vilagarcía, coa seguinte desagregación:
- Día 22 de abril de 2002, ás 10:00 horas: montaxe, ensaio xeral no Auditorio Municipal.
- Día 26 de abril de 2022, ás 11:00 horas: Concerto no Auditorio Municipal no que participan CEIP Arealonga, CEIP A Lomba, CEIP Anexo A Lomba, CEIP O Piñeiriño, CEIP A Escardia, CEIP Vilaxoán e Colexio San Francisco.
- Día 27 de abril de 2022, ás 10:00 horas CEE Vilagarcía de Arousa nas instalacións do propio centro.

Os mestres que participaran o farán fóra do horario habitual de traballo, compensando as horas invertidas nos concertos en periodo non lectivo para in interferir as clases habituales.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á realización dos concertos citados.

**PRP2022/1005**
Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL para un servizo de autobus o día 26 de abril, con motivo do desprazamento de alumnado dende o Colexio de Vilaxoán ao Auditorio Municipal, co fin de asistir ao concerto didáctico "Un mundo marabilloso", organizado pola Escola Municipal de Música, por un importe total de 110,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.223.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/1006**
Vista a Proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentad por Mr. Misto Production & Services SL para a proxección do filme "Valentina" no Auditorio Municipal o día 20 de abril, ás 10:30 horas, dirixido ao alumnado de 3º de Educación Primaria dos centros educativos de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 907,50 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 320.223.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/1010**
Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL para un servizo de autobus o día 26 de abril, con motivo do desprazamento de alumnado dende o Colexio de O Piñeiriño ao Auditorio Municipal, co fin de asistir ao concerto didáctico "Un mundo marabilloso", organizado pola Escola Municipal de Música, por un importe total de 220,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.223.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**MERCADOS**

**PRP2022/1013**
Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía, solicitando apertura da praza de abastos o 14 de abril, Xoves Santo, así como o cambio de mercados ao dia anterior, por coincidir en festivo, nas seguintes datas:
- Luns 16 de maio por coincidir o martes 17 de maio en festivo (Día das Letras Galegas).
- Luns 31 de outubro, por coincidir o martes 1 de novembro en festivo (Día de Todos os Santos).
- Luns 5 de decembro, por coincidir o martes 6 de decembro en festivo (Día da Constitución)

O mercado correspondente ao día 16 de agosto (San Roque) anúlase por ser o luns 15 tamén festivo (Asunción da Virxe)
Visto o informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.
Dar conta á Policía Local e empresa concesionaria do Servizo Municipal de Recollida de Lixo (CESPA, S.A.)

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**PRP2022/0990**
Dáse conta de proposta das Concellerías de Xuventude e Servizos sociais para o desenvolvemento do Programa de Campamentos Urbanos de Verán para nenos e nenas de 3 a 7 anos, a desenvolver nos Centros Educativos CEIP Arealonga (40 prazas) e CEIP Vagalume (20 prazas) cun orzamento total de 19.867,68 € (IVE ENGADIDO) e que se desagrega do seguinte xeito:
- Para a coordinación, monitoraxe e desenvolvemento do programa: 16.210,11 €(ive do 10% engadido)
- Para a limpeza e material de limpeza dos dous centros educativos: orzamento xullo e agosto CEIP Arealonga: 2.122,81 € e orzamento xullo e agosto CEIP Vagalume 1.534,76 € o que fai un orzamento total para a limpeza dos dous centros educativos ascende á cantidade total de: 3.657,57 €(Ive do 21 % engadido)

A Xunta de Goberno Local acorda:
1. A aprobación das bases públicas no servizo de Campamentos Urbanos promovidos pola Concellería de Xuventude
2. A adxudicación ás seguintes Empresas:
- Órbita Infantil con CIF: J-15869233 con enderezo na Pza. Chavián, nº 5- baixo 15219 Bertamiráns- Ames (tlf.:981891897) por un importe de 15.537,95 € (ive do 10% engadido) para a

realización de monitoraxe dos campamentos urbanos de verán para nenos/as de 3 a 7 anos, conforme ao orzamento presentado:
- 10.000 €, con cargo á partida 231.22643.
- 6.210,11 €, con cargo á partida 2314.22624.
OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA
A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:
Contratación de monitoraxe titulado
Adopción dos protocolos e medidas de protección e de prevención do COVID 19 tal e como veñen establecidos por lei, adaptando os mesmos á medida de que estos vaian sendo ampliados ou modificados e suspendendo determinadas actividades se o determinasen as autoridades competentes na materia que siguen a evolución da pandemia, e se así o aconsellan. Con tal motivo, terá que suscribirse o convenio adxunto entre o concello e a empresa.
Asumirán ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.
- A CLECE S.A con CIF: A-80364243 con enderezo en praza América, nº 1 Torre 1 1ª planta 36211 Vigo, o servizo de limpeza, nos dous centros educativos onde se desenvolverán as actividades campamentais: Arealonga e Piñeiriño, polo importe total de 3.657,57 € (IVE incluído), de conformidade co orzamento presentado, con cargo á partida 2314.22624.
3.- A colaboración puntual por parte da Policía Local e de Protección Civil en algúns dos desprazamentos. Tales desprazamentos ederán indicados por escrito antes do comezo de cada unha das actividades campamentais.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2022/1011**
A Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2021 acordou aprobar o orzamento presentado pola Empresa Visual Graphics, Imagen y Publicidad SL para o subministro de 25carteis de 50 x 70 cm, de concienciación sobre os vertidos incontrolados e o uso do Punto Limpo e o Servizo de Recollida de Enseres.
Considerase necesaria a colocación de novos carteis noutros puntos, polo que a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad Sl o subministro de 25 novos carteis de 50 x 70 cm, de concienciación sobre os vertidos incontrolados e o uso do Punto Limpo e o Servizo de Recollida de Enseres, por un importe total de 862,73 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22602.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/1012**
Dáse conta do informe de inspección de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas fecais cara a Ría de Arousa, no lugar de O Carril, (punto de vertido V-14812), no que se require ao Concello para que realice as actuacións necesarias para a subsanación da contaminación asociada ao correspondente punto de vertido.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Augas de Galicia que se están realizando as reparacións necesarias para evitar os vertidos indicados.

**MULLER E PERSOAS MAIORES**

**PRP2022/0983**
Vista a proposta da Area de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CDF Consultoría y Gestión Formativa SL para a impartición dun curso denominado "Acondicionamento e tecnoloxía dos peixes", de 170 horas (130 teóricas + 40 prácticas), dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade, por un importe total de 6.995,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2312.22615.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0984**
Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial en relación á subvención solicitada ao abeiro do Programa de Acción Municipal – Plan Concellos 2022, liña 2: amortización, pagamento de débedas, gastos correntes e actividades, para a realización do dun Programa para fomentar a igualdade de xénero.
Concedeuse unha subvención á Área de Igualdade –CIM de 10.500,00€ para a realización do programa cun custe total de 12.000.-€ do que 1.500.-€ serán aportación municipal e que consta das seguintes actividades:
- Curso de formación para o emprego de Acondicionamento e tecnoloxia do pescado dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade :7000,00€
- Semana de actividades en torno ao papel e a presenza das mulleres na creación cultural: 5000,00€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/0997**
Dáse conta de publicación no DOG de 16 de marzo de 2022, de extracto da resolución do 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.
Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:
- Aprobar a solicitude de subvención á Secretaria Xeral da Igualdade para a seguinte liña: 1.- Programa de apoio aos centros de información ás mulleres - CIM

1. Programa de apoio aos posto de dirección, apoio sicológico e asesoramento xurídico por importe total de 93.418,56€ para o período 01/04/2022-31/03/2023.
2. Programa de apoio ao posto de axente de Igualdade por importe total de 53.639,76€para o período 01/04/2022-31/03/2023.

- A designación de Dona Julia Barbosa Sánchez que ocupa o posto de Directora do CIM para as tarefas de coordinación e comunicación coa SXI.
- O financiamento con cargo aos orzamentos desta entidade do custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola SXI.

- Acreditar que a entidade posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

## CONTRATACIÓN

**PRP2022/1008**
En data 14/03/2022 a XGL acordou adxudicar á empresa Orona, S.C. o Servizo de mentemento do apartato elevador do Edificio da Comandancia, en función da oferta presentada pola mesma:
Nº de aparatos incluidos no contrato: 1
Total mes en euros: 54,04 €
IVA (21%): 11,35 €
Total mes IVA incluido: 65,39 €/mes
O período de duración do contrato será como máximo de 12 meses, tendo en conta que unha vez se inicie a demolición do edificio da Comandancia, dito contrato quedará automaticamente sen efecto.
Detectado que por erro non se incluíu no importe de adxudicación do contrato o custe de instalación, posta a disposición e mantemento da liña telefónica coa que debe contar o ascensor, así coma todas as chamadas efectuadas (servizo Orona Phone Line) por importe de 4,84 €/mes (con IVA), proponse á Xunta de Goberno Local a rectificación do citado acordo, corrixindo, deste xeito, o erro existente.
A Xunta de Goberno Local acorda corrixir o acordo da XGL de data 14/03/2022 polo que se adxudicou o contrato menor de servizos de "Mantemento do aparato elevador do Edificio da Comandancia de Vilagarcía de Arousa" á empresa Orona, Sociedade Cooperativa (F20025318) incluíndo o importe de 4,84 €/mes (IVA engadido) polo servizo Orona Phone Line, polo que o prezo total de conformidade coa oferta presentada será de 70,23 €/mes (IVE engadido), con cargo á partida 920.213, facendo constar que unha vez iniciada a demolición do edificio quedará resolto automáticamente o contrato.

**PRP2022/1014**
As avarías da rede municipal de auga na rúa Avda. Cambados no tramo que coincede coa urbanización do Piñeiriño se incrementou nos últimos tempos. É un tramo da rede xeral de abastecemneto importante porque suministra a auga a toda a urbanización do Piñeiriño, onde viven un número importante de veciñ@s.
Dada a situación se lle solicitou informe sobre o asunto ao enxeñeiro técnico ao servizo do Concello e como proposta plantexa "a urxente reparación da devandita rede cunha nova tubería PEAD 10 atm, de 200 mm de diámetro".
Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado, Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa ESPINA& DELFIN SL, por un importe de 47.938,60 € (IVE engadido) a execución das obras de RENOVACIÓN DA REDE XERAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA NA AVENIDA DE CAMBADOS E DOS ENTRONQUES COA URBANIZACIÓN DO PIÑEIRIÑO, con cargo á partida 165.61900.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2022/0989**

Visto o expediente de gasto INT/202/104 integrado pola relación de xustificantes F/2022/19 por importe de 114.658,86 €.
Vistos os informes dos servizos que se integran no expediente.
Vistos os informes de Covalidación das concellerías delegadas que se integran no expediente.
Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.
A Xunta de Goberno Local acorda:
1-A Convalidación dos expedientes de gastos á vista dos informes dos/as Concelleiros/as delegados/as co seguinte detalle:

| Fase | Aplicación | Importe | Endosatario. | Tercero | Texto Libre |
|---|---|---|---|---|---|
| AD | 231 48001 | 42,35 | RODRIGUEZ LOBATO, LUCIANO | 35645216T | ADXUD. POR CONVALIDACIÓN APERTURA PORTA DA VIVENDA EN C/ VISTA ALEGRE 20, SERVIZOS SOCIAIS. |

2-O Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/19 por importe de 114.658,86 € coa seguinte desagregación:

| REX. | Documento | Fecha Doc. | Importe | Prog. | Econ. | Nome Ter. | Texto Libre |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2022/574 | 02148000000522F | 31/01/2022 | 2.705,04 | 323 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Enero de 2022Importe servizo |
| F/2022/575 | 02148000000622F | 31/01/2022 | 141,04 | 320 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza en el Aula de Educación de Adultos durante Enero de 2022Importe servicios |
| F/2022/577 | 02148000000922F | 31/01/2022 | 48.291,78 | 320 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza de centros educativos Enero de 2022CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Enero de 2 |
| F/2022/582 | 02148000001422F | 31/01/2022 | 1.481,32 | 323 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Enero de 2022Importe servizo |
| F/2022/599 | 950 223200488 | 31/01/2022 | 239,58 | 338 | 22699 | BAYGAR, S.L. | ANDAMIO ALQUILADO RAMPA DE HIELO (OFERTA JG1023101121,02) |
| F/2022/602 | 02148000003222F | 31/01/2022 | 7.467,42 | 320 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoco |
| F/2022/699 | RC/22-5556 | 07/02/2022 | 2.114,91 | 943 | 466 | FEDERAC. ESPAÑOLA MUNICIPIOS Y PROVINCIAS | CUOTA ASOCIADO FEMP 2022. |
| F/2022/713 | 00002TB 00000070 | 31/01/2022 | 968,00 | 2314 | 22799 | EIRADO DA LEÑA, S.L. | Obradorios de Cociña de Nadal: 22 e 29 de decembro de 2021. Actividade aprobada en XGL do pasado 22 novembro de 2021 ( C |
| F/2022/778 | 22 0000008 | 04/02/2022 | 266,66 | 320 | 212 | CUEVAS, S.L. | Mano de Obra ( Fra. Nº 22/0000008 - OBRA: CEIP AREALONGA Trabajos realizados por nuestro personal de taller, consistente |
| F/2022/779 | 22 0000009 | 04/02/2022 | 81,07 | 320 | 212 | CUEVAS, S.L. | Mano de obra ( Fra. 22/0000009 - OBRA: CEIP ANEXO A LOMBA Trabajos realizados por nuestro personal de taller, consisten |
| F/2022/780 | 22 0000010 | 04/02/2022 | 117,37 | 320 | 212 | CUEVAS, S.L. | Mano de obra ( Fra. nº 22/0000010 – OBRA: Colegio Arealonga. Trabajos realizados por nuestro personal de taller, consi |
| F/2022/781 | 22 0000011 | 04/02/2022 | 231,11 | 334 | 212 | CUEVAS, S.L. | Mano de obra ( Fra. nº 22/0000011 – OBRA: Centro Cultural Fontecarmoa. Trabajos realizados por nuestro personal de tall |
| F/2022/783 | 22 0917 | 15/02/2022 | 858,86 | 454 | 214 | AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L. | DIR 3: CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC: L01360600 INTERVENCION XERAL / OG: L01360600 ALCALDIA-PRESIDENCIA / OT |
| F/2022/791 | 1220200342 | 15/02/2022 | 1.582,72 | 2412 | 22199 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | RELE POTENC +LED 2NANC -15A 230VAC / BLINDADO ROSCADO 16 GRIS / ECOBLINDADO (LH) GRIS ENCHUFABLE M-20 / ECOBLINDADO (LH) |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2022/804 | Emit- 2527 | 31/01/2022 | 49,91 | 132 | 22108 | IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMPRESARIAL, S.L. | DISOLVENTE UNIVERSAL CARTA 0099 / WD-CUTTER DUOPLAST ASIENTO METALICO 18MM-004987 / RODAPIN-RODILLO LANA ACRILICA 50-18C |
| F/2022/805 | A 12812 | 16/02/2022 | 74,95 | 453 | 22199 | EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L. | BOTA SOLD TAGO S3 / BOTA ATLANTIC S3 |
| F/2022/806 | A 12814 | 16/02/2022 | 177,37 | 453 | 22199 | EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L. | TRAJE DE LLUVIA POLIAMIDA / BOTA C/FORRO DUNLOP / GUANTE FLEXYCOTTON / GUANTE POLYAMIDA BAÑO NITRILO |
| F/2022/812 | 0/2022/170 | 31/01/2022 | 316,39 | 334 | 225 | AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCIA | LIQUIDACIÓN TASA DE OCUPACIÓN PARQUE PÚBLICO E AUDITORIO. 1º SEMESTRE 2022. (CULTURA) |
| F/2022/825 | 222 | 16/02/2022 | 1.210,00 | 926 | 22799 | JUEGUEN GARCIA, PABLO | XESTIÓN, MANTEMENTO E CREACIÓN DE CONTIDOS RRSS, XANEIRO 2022. (ÁREA DE COMUNICACIÓN SOCIAL). |
| F/2022/827 | 0 1613 | 15/02/2022 | 7,64 | 453 | 22199 | COMERCIAL BASTOS, S.L. | BOTE DECAPANTE LACO 125 GR. ( BOTE DECAPANTE LACO 125 GR. ) |
| F/2022/828 | 0 1675 | 15/02/2022 | 20,56 | 320 | 212 | COMERCIAL BASTOS, S.L. | TAPON LATON M. 1 ( TAPON LATON M. 1 ) / COLLARIN ANCHO FUND. PE. 50*1"" ( COLLARIN ANCHO FUND. PE. 50*1"" ) |
| F/2022/831 | C220000017 | 31/01/2022 | 561,05 | 453 | 22103 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | EURO-SUPER / EURO-SUPER / GASOLEO AUTO / EURO-SUPER / EURO-SUPER / GASOLEO AUTO |
| F/2022/832 | C220000016 | 31/01/2022 | 1.185,23 | 454 | 22103 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO |
| F/2022/840 | 401220048 | 18/02/2022 | 11.611,35 | 2412 | 22199 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | REGULADOR ELT EBLUE 0-10V/DALIREGULADOR ELT EBLUE 0-10V/DALI / OBRADOIRO DE EMPREGO FORME 2021OBRADOIRO DE EMPREGO FORME |
| F/2022/927 | 21108-99 | 11/02/2022 | 200,00 | 2314 | 48100 | COSTA CALVO, MARTIN | LOTE LIBROS CONCURSO DE DECORACIÓN SOSTIBLE 21/22 (XUVENTUDE). |
| F/2022/928 | 22000074 | 12/01/2022 | 299,60 | 2314 | 48100 | FERREIRO GARCIA, BEGOÑA | TABLET LENOVO E FUNDA TABLET PARA III EDICIÓN DO CONCURSO DE DECORACIÓN SOSTIBLE NADAL 2021. (XUVENTUDE) |
| F/2022/934 | 02148000003822F | 19/02/2022 | 0,00 | 323 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoco |
| F/2022/934 | 02148000003822F | 19/02/2022 | 427,12 | 323 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoco |
| F/2022/934 | 02148000003822F | 19/02/2022 | 427,12 | 323 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoco |
| F/2022/939 | Emit- 220122 | 15/02/2022 | 552,73 | 171 | 22199 | KIMU 2000, S.L. | SEK-32 (Caja 4x5Lts) |
| F/2022/945 | C1 | 10/02/2022 | 726,00 | 334 | 202 | ABELENDA RODRIGUEZ, MARIA JOSE | ARRENDAMENTO LOCAL RÚA CELSO EMILIO FERREIRO, 13 PORTA 4. ANO 2022. |
| F/2022/948 | 4048244489 | 15/02/2022 | 293,61 | 453 | 22199 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | DISCO-CORTE-VERDE-SPEED-PLUS-D115X1 / COLA-BLANCA-RAPIDA-D2-5KG / ELECTRODO-INOX-E-316L-D2,5X300MM |
| F/2022/949 | 4048244488 | 15/02/2022 | 301,98 | 320 | 212 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | ELECTRODO-RUTILO-6013-D2,5X350MM / DISCO-CORTE-AZUL-LONGLIFE-D230X2,5MM |
| F/2022/954 | 202200811 | 31/01/2022 | 195,16 | 453 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | CAJA PUNTAS REFOR.ZINC.C/PLANA 3.40X50 C-200 / CAJA 200 PUNTAS REFORZ ZINC 3,40X70MM / ALMACEN / LUIS BARCALA / ORDE DE |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2022/955 | 202200810 | 31/01/2022 | 15,81 | 4311 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | CANDADO LATON 50 MM / CIEN TORNILLO C/R C/C 603 06X050 ZC / CIEN TUERCA HEX.DIN 934/8 M-06 ZINCADA / CIEN ARANDELA P/ANC |
| F/2022/956 | 202200809 | 31/01/2022 | 2,00 | 2311 | 212 | CASTROMAN I, S.L. | BISAGRA C/METALICA 41-M-26 RECTA NIQUEL / RETIRADO POR JUAN JOSE MOURIÑO / ORDE DE COMPRA Nº12813 / RESPONSABLE DE COMPR |
| F/2022/960 | 202200802 | 31/01/2022 | 10,24 | 3262 | 215 | CASTROMAN I, S.L. | CIEN TORNILLO C/R C/C 603 06X070 ZC / CIEN TORNILLO C/R C/C 603 06X080 ZC / CIEN ARANDELA P/ANCHA DIN-9021 M-06 ZINCADA |
| F/2022/970 | VL 29557 | 24/02/2022 | 174,32 | 320 | 212 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | Subministro Material para Reparación avería interior Colexio A Escardia: SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA REPARACIÓN DE A |
| F/2022/971 | VL 29556 | 24/02/2022 | 247,95 | 171 | 213 | ESPINA Y DELFIN, S.L. | SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA REPARACIÓN DE AVERIA: SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA REPARACIÓN AVERIA PARQUE XUNQUEIRA - |
| F/2022/976 | E 1000675 | 25/02/2022 | 57,35 | 320 | 212 | E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL | T.REDONDO S. GALVA 55X1.50 |
| F/2022/977 | RM 220238 | 25/02/2022 | 25,17 | 454 | 213 | RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L. | ESCOBILLAS LIMPIA 700 MM. / MULTIUSOS WD40 BOTE 200ML. |
| F/2022/980 | RM 220239 | 25/02/2022 | 12,96 | 454 | 213 | RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L. | CONTI CORREA TRAPECIAL |
| F/2022/999 | 0974184 | 28/02/2022 | 3.347,67 | 2311 | 22701 | EULEN SEGURIDAD, S.A. | SERVICIO PREVENCION Y ASISTENCIA ADROGODEPENDIENTES ( VILAG POR EL SERVICIO DE VIGILANCIA PRESTADO EN FEBRERO/22 |
| F/2022/1000 | 1220213919 | 28/02/2022 | 30,25 | 453 | 213 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | BARRA DE UNION PARA USAR CON LOS RAILES GUIA DEWALT |
| F/2022/1001 | 1220213918 | 28/02/2022 | 17,71 | 320 | 212 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | CIERRE STANDARD TRI. ST/PN |
| F/2022/1005 | 945 221100693 | 28/02/2022 | 181,50 | 453 | 213 | BAYGAR, S.L. | ASIENTO RM30 105 ELT PVC NEGRO |
| F/2022/1006 | 945 221100692 | 28/02/2022 | 23,47 | 453 | 213 | BAYGAR, S.L. | ESPARRAGO / TUERCA RUEDA |
| F/2022/1013 | Emit- 55 | 28/02/2022 | 295,24 | 920 | 22000 | COPYMARCAXE, S.L. | ALMOHADILLA 4923 / ALMOHADILLA 4924 |
| F/2022/1019 | Emit- 220067 | 28/02/2022 | 968,00 | 453 | 204 | ALVEGAL, S.L. | ALUGUER NISSAN NAVARA PICK UP DOBLE CABINA MATRIICULA 9243LFX, PARA O SERVICIO DE VIAS PUBLICAS |
| F/2022/1041 | 02148000003922F | 28/02/2022 | 2.705,04 | 323 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Febrero de 2022Importe servizo |
| F/2022/1043 | 02148000004822F | 28/02/2022 | 1.481,32 | 323 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Febrero de 2022Importe servizo |
| F/2022/1045 | 02148000005322F | 28/02/2022 | 599,22 | 453 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza nas dependenzas de Obras durante Febrero de 2022Importe servizo |
| F/2022/1046 | 02148000005622F | 28/02/2022 | 2.461,47 | 2311 | 22700 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL |
| F/202 | 02148000005022F | 28/02/ | 1.086,47 | 3262 | 22700 | CLECE, S.A. | ESCUELA MUNICIPAL DE MUSICA ""BERNARDO |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2/1054 | | 2022 | | | | | DEL RIO"" Febrero de 2022Importe servizos |
| F/2022/1593 | 220021 | 21/01/2022 | 40,00 | 2311 | 22106 | RODRIGUEZ MARTINEZ, Mº PILAR | METADONA CLORHIDRATO SOL. 1%. (SPAD). |
| F/2022/1594 | 027/22 | 25/02/2022 | 257,20 | 2311 | 22000 | PAPELERIA ARINES, C.B. | SUMINISTRO MATERIAL DE OFICINA. SPAD. |
| F/2022/1597 | 2 | 28/02/2022 | 936,00 | 2311 | 22706 | BARRAL NUÑEZ, MAR | TALLER DE CERÁMICA NO CENTRO DE DÍA. MES DE FEBREIRO 2022. (SPAD). |
| F/2022/1632 | TRIBUTOS XUNTA 2021 | 01/02/2022 | 14.455,50 | 161 | 22501 | AUGAS DE GALICIA | CANON DA AUGA E COEFICIENTE DE VERTEDURA A SISTEMAS PÚBLICOS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS 2021. |
| F/2022/1652 | 161/2021 | 02/11/2021 | 42,35 | 231 | 48001 | VIDELA ORTEGA, GRACIELA LILIANA | APERTURA DE PORTA DA VIVENDA EN R/VISTA ALEGRE, Nº 20 - 1º. (SERVIZOS SOCIAIS). |
| | | TOTAL | 114.658,86 | | | | |

3- O Reintegro do crédito sobrante no seguinte acordo, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución do contrato en cuestión e informada favorablemente polo órgano xestor responsable do contrato:

| Nº Operación | Fase | Fecha | Aplicación | Importe | EMPRESA | Texto Libre | MODIFICACION |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 220219000199 | AD | 01/01/2022 | 338 22699 | 1.304,38 | BAYGAR, S.L. | ADXUD. ALUGUER ANDAMIO MULTIDIRECCIONAL PARA ""FEXTURRÓN"" 21/22. | -239,58 |

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.